

Tradicións, feitos e costumes da Terra Chá (I)

## Unha feira na vila

Paulino García Seco

Son as feiras de Villalba unha costume que a pesares de que os tempos venen barrendo o enxebre, ainda siguen cos seus xeitos 6 longo da nosa Terra Chá.

E digo que os tempos non axudan porque o progreso tende a facelas irse. Fai corenta anos, poño por caso, as xentes das aldeas somentes tiñan os días de feira pra poder feirear as mulleres; pra facer os tratos os homes; adivertirse os mozos e asorarse os nenos. Hoxendía casamente non se feirea. Os tratos fanse na Frigsa, os mozos teñen discotecas por tódolos rincóns e tódolos días, e os nenos xa xogan mentres van no transporte escolar ou vendo as toleadas da televisión (que lle dí alguéun "televexo") e, postos a poñer, habería que poñerlle algo si como "lonxevexo" pra ser mais enxebres ainda, si eso é ser enxebre).

Levo tempo querendo falar coa xente nova respeito ás feiras de Villalba, pra decirles o que eran; cos do meu tempo pra recordalas e cos velllos pra aprender de tempos mais lexanos, e vouno facer. Pra iso, hei de volver a plantar a Feira Nova de castiñeiro; poñerelle os coios á calle do Correo, ó Campo San Juan e á Plaza das Mulleres. Hei de facer o muro da feira por baixo, pechando a da Chouzana. Hei de erguer de novo (bueno, fareino por mor da historia) os cobertizos cheirentos coa churrería ó fondo e o caseto de riba. Poñerei de novo a pesa do gado frente á casa do Guillermo e a Plaza do Peixe xunto á casa do Claveiro... e o outro lado, o caseto do señor Marceliano co letreiro aquel de "Fotografías al bro-muro".

Xa axeitado o escenario, tiña que conseguir algo que hoxe non sería doado: Deixar a carretera sin coches pra que a xente fora viñera dende Campo de Puente á Feira do Pan; dende Guadalupe ó Hospital. O outro, ainda ainda se podería, mais quitar os coches...

E falemos xa da feira da vila, que escomenzaba douis días antes do primeiro domingo de cada mes (que non cadrara o primeiro, que subiría, niste caso,

6 oito) ou o lús antes do Martes de feirón (que cadrara entre o dasasete e o vintetres). E digo que escomenzaba nas vísperas, porque era preciso que antes do día se carretaran os paus pra poñer os telderetes os ferreiros da vila, os feirantes de Lugo, das Pontes e de Ferrol.

¿Quen non recorda aquel carro dunha vaca do señor Bixoco facendo o carroto dos paus dende os Castros? Cando éramos cativos e íbamos á escuela da feira cabo de don Lorenzo, don Félix ou don Paco, decatábamnos da chegada da feira ó ver o carroto dos paus pros feireantes, a non ser as pulpeiras que, ou poñían a industria ó sereno si facía bon tempo, ou, si chovía, poñían toldo de seu.

Ibanse colocando os paus a carón dos furados que se conservaban dunha feira pra outra e que os nosos xogos non conseguían pechar, deixando xa pra cada feireante os de sempre: Catro gallados pra chantar, e outros catro pra poñer deitados enriba dos outros, atando logo a lona por riba.

Outra señal da feira dábase na Plaza nas vísperas. Xa dende o medio da tarde, enchiánse de caixóns pra gardar o sitio dos peneireiros, latoeiros e dos que iban vender o verdor das hortas de Betanzos e Mondoñedo, entre as casas de Guerrero, Goldeiros, Genaro e Aguillón, chegando nas feiras boas hastra a Cas Paz aló no fondo da Plaza. Quen tiña problemas co sitio era o señor Arturo da Chaiola, pois sempre colgaba a romana no balcón da esquina de Goldeiros.

Cando chegaba o día da feira, xa moi cedo escomenzaban a encherse os sitios destinados a cada cousa; principiando polos homes dos páxaros da sorte na

esquina de Cas Puentes e a señora Antonia do Recuncho coas cestas de fruta debaixo da Pravia.

Na feira das mulleres, ou dos ovos, que tamén se chama así, chegaba Montaña a poñer o coche a carón da casa de María Eustasia, rodeándo de caixas valeiras pra encherlas de ovos, e logo se via arrodeado de mulleres con cestos cheos de galiñas, pitos, conexos, manteiga (daque-

las balugas envoltas en berzas), queixos, moitos queixos, e ovos e mais tamén unto.

Cabo delas, o Paco Roca botaba a mercancia polas duas portas, enchendo os arredores de sombreiros de palla prás segas, e alpargatas ou zapatillas según o tempo.

—¡Qué sabor tiña aquella plaza...! A xente non collía as más das veces, e tiña que baixar pola Roxeira hastra a casa do Cándido, ou pola calle de Tras do Castelo hastra a Casa da Roxa, e a veces tamén se xuntaba na esquina de Guerrero cos feriantes do pan, que estaban frente á casa do Aguillón, coas Greleiras e Roeiras e o Andrés, ó frentre.

A calle de Valeriano, a de cemento, era do paso da xente que viña a mercar as coles de Mondoñedo, ou o pan, as latas prás empanadas, ou a fruta dos camións que recuaban frente á barbería de Severino, e acercábanse á esquina da señora Antonia do Recuncho frentre ó Correo de Don José, a probar as zocas chinelas, que mesmamente parce que foran feitas de froles de abidueira si tiveran pétalos blancos, ou os viriles calugos, salidos entrambos e dous dos cabancos de Boizán e Alba.

Dende a Cas da Ponte hastra a Pravia, as fruteiras collían todo o sitio, despois de deixarlle o sitio ó coche de António Martín, co pimento e os queixos de Castilla, que se poñía por baixo da sonambula, unha señora sentada nunhos cabaletes cos ollos pechados por un pano negro, que contestaba con acerto ás preguntas da axudanta, unha señora que tiña unhos pendentes redondos grandes..., mentres a xente chegaba asorada hastra a Cas Quintela e non deixaba salir ou entrar ós que iban catálo gas pra alumarse, ou ós que iban a mercar as rosas cabo de Doña María da Dulcería.

Claro que tamén había xente que baixaba dende a Plaza das mulleres pola costa da Ronxeira abajo, onde tamén había feirantes que vendian "chiculate prás paridas" e outros menesteres, pra ir a cabo da feira do Pan, no Campo de San Juan, enchén-doa de sacos abertos dende a cas

# EL PROGRESO, 10-8-1983 (continuación)

Prieto hastra a da Señora Julia, altermando con algún camión que cargaba o grao pra levalo, e con algún neno que sastrevía a vender tamén a sua mercancía, que consistía nunhos saquetiños pequenos cheos de grao de corvo.

De volta das feiras de baixo, a xente paraba un pouco no presentado da cárcel e bebia na fonte da Carretera pra recuperar o folgo antes de entrar na Chouzana a mercarlle os nenos e ás rapazas que escomenzaban a salirse ás festas, os collares, cadeas, medallas, carteiras e demais bisuterías que estaban expostas frente ó Bar Pena na parede do Aiuntamiento hastra a esquina do Belote, deixando o sitio pra pasar á taberna do Julio, onde os carteristas, que abondaban, deixaban nos rincóns as carteiras valeiras que roubaran facía pouco, pois os cartos nunca tiveron dono, e as carteiras sí.

O outro lado da Chouzana, arreglándose como podían os probes, establecíanse por riba da cuneta que había antes da pavimentación, os tendeiros coa roupa vella, camisas de caqui de non se sabe qué cuartel, chaquetas, e tódolos paxeles que se vendían.

Era moi difícil pasar dende o Presentado hastra a Feira Nova o souto de castiñeiros millor do

mundo, porque a xente era tanta, que ás veces había que ir arrodeando pola calle de tras da casa de Martín pra entrar na feira do gado polas escalerias que había entre a casa do Claveiro e a plaza do peixe, ou dar a volta pola Alameda.

¡A Feira Nova! Chea de castiñeiros, marelos no vrou polas froles longas e humildosas, traidores cos ventos do outono cando facía caer algún ourizo, xenerosos pola sombra dunhas follas que os fan parcer arbres con vestido de festa...

Baixo eles, na parte de baixo, os ferreiros estabran potes, cádegas, estrobos, ferraxes de carros e tódolos terrachegos propios do oficio, no afán de que a xente parara a mercar candiles de carburo pras festas ou pras cando fora o médico, o notario ou o perito, adibales pra termar dos mollois de trigo nos carros; fociños de Ferreira Vella; pedras de afiar as gadañas, martelos de crabuñar...

Tamén na parte de baixo, mais un pouco cara ós cubertos, os tendeiros de roupa tiñan un sitio todo ó longo do murallón da chouzana.

Logo, o lado, da calzada que subía polo medio da Feira, segúnd se sube á dereita, hastra catro ou

cinco pulpeiras de Lugo e Sarria sacaban os pulpos cos ganchos, das olas de metal, limpísimas, brillantes, cando as baixaban dos turismos, e cheas de xarrido por fora ó remate do xentar. Mais ó seu lado, escomenzouse pouco a pouco a poñer a competencia en forma de mulleres que vendian peixe frito, que non tiñan más remedio que probar cando algún cliente tiña dudas da vellez ou frescura dos bichos. ¡Cousas do oficio!

Pasadas as pulpeiras, escomenzaba o gado. En baixo, mesmamente tras délas, e hastra chegar ó taller do señor Guillermo da Feira, poñíanse os cochos (dispensando), ben no chao atados os castiñeiros, ou si eran pequenos drento de caixós que traian os carros casi sempre dunha vaca, cheos de palla.

Frente á casa do Marceliano era o sitio dos pucheiros de barro. Os cacharreiros enchian o chao alfombrado de froles dos castiñeiros na época, con cuncas, pucheiros, chocolateiras, tinás e demais argalladas como botixos pra ir á fonte da Picha a buscar auga fresca.

E, por fin, fente á Escuela da Feira, hasta a serra da Quintela, e o muiño da luz, e frente ós cobertizos, o gado gado, ou seña vacas, bois, xatos e xatas, que o señor Costante non dera con eles pra mercalos nas casas. Vianse tamén ovellas cabo das vacas, ainda que iste gado, que viña de Ladra ou San Bartolomeu, cando era da venza poñiase solo facendo rebaño, con algunas cabras das poucas que iban quedando.

Cabo do muiño da luz, poñíanse os últimos cabalos e eguas que viñan de Abadín e o Cadramón.

Dando voltas co caiado tras da cabeza colgado no cuello da zamarra ou da túnica azul ou negra, as tixeiras na mau, os tratantes recorrían toda a feira en busca de gangas e gado axeitado ó trato pra poder ganarlle algo... e facer feira, según decían. Berraban cos donos do gado, xuraban, ibanse, voltaban ó pouco é, por fin, ¡Tixeirazo no lombo do bicho, unha aperta, e cousa feital!

E preciso falar tamén dos feirantes que andaban dando voltas por tódolos sitios vendendo o calendario zaragozano, o repertorio, mechas de mecheiro, librillos do rei de espadas, navallas, tacos de calendario aló xa pola feira dos Santos, levando a mercancía nunha caixa de madeira colgada o cuello por unha correia. Eran negocios cativos, pero iban facendo o dia, o mesmo que o dos

espejuelos, comerciante que se poñía na acera do aiuntamento ou en outro sitio sin ser fixo, e que vendía dises espejuelos redondos, facendo leer ós clientes

les unhas follas pra axeitarlle os espejuelos á sua vista.

—E o das tres baraxas? Ises non faltaban a ningunha feira de Villalba. Coas maus que tiñan para remexer o naipe, sacábanlle os cartos ós parvos aló pola Chouzana ou na feira do gado. A feira das mulleres, á plaza dos ovos, xa non iban. ¡Engañar a unha muller...! Ade mais, o feirear deixaba somentes calderillas. O gordo estaba na feira do gado, cando se vendía algúñ xato.

—¡Vuelta que le pego, vuelta que le doy! —decía moi fino o home das baraxas falando castelán o primeiro, mais despois, cando chegaba o momento de pinchar ó pinzo de turno, xa lle decía:

—¡Qué vas a xugar ti, que non tes nin dez pesos!

—¿Quén eu? Tí crés que son un vespido, ou?

E claro, dez pesos e despois do cabreo de perdelos, outros mais, hastra chegar quizabes ó cen... se non chegaba antes a parexa a desfacer o corro, deixando no chao o caixón da industria mentras os das cartas e o gancho (o que dobraba a esquina dunha delas pra que ganara o pinzo, e cando a reviraba non era, pois o outro dobraba outra e poña dereita aquela) ibanse cada ún polo seu lado pra despistar. O gancho facía picar ós clientes e era o único que ganaba pra confialos, e mais o que, de vez en cuando berraba:

—¡Tede coidado coas carteiras! Pra que o paisano botara a mau ó peto onde a levaba e o carterista da pandilla o soupera e fora ó seguro.

Ademais dos negocios ambulantes, era tamén digno de ver os comercios da vila, coas mantas colgadas nas portas na Cas do Joseito da Plaza, coa xente intentando entrar no Julio, no Casavedra ou no comercio de meus pais.

Os ferreiros tiñan as ferraxes dos carros na acera, tanto na Carretera frente á casa do Xamebou, como en Cas Ramudo na Porta da Cua, ainda que ista tenda adicábase máis as potas que ás ferraxes, ou as pedras de afiar que poñía o Guizán na calle de Manuel Mato.

E falando da xente de a pé, verdadeiros protagonistas das feiras, era curioso o desfile que facían dun sitio a outro, dun

# EL PROGRESO, 10-8-1983 (continuación)



comercio da Carretera a outro da Plaza, sobre todo pola mañá. Logo, ó mediodía, cando as mulleres desfacían a feira na Plaza dos Ovos, iban mercar arriba, á feira das roupas, mentres os homes que venderan gado iban a buscalas pra ir mercar o traxe, os zapatos ou outras cousas que se mercan cos cartos dos xatos cando non había que gardalos pra desempeñar o lugar.

O mediodía era a ceifa das tabernas. As mesmas, blanquísimas e cheas de sucos por mor da lexía, enchíanse de latas de sardiñas, xarras de viño tinto, queixo da casa e mais touciño que se comía enriba do pan, cortándoo cunha navalla. Na Cas Martín, ou na Maragata da

Ferreira, ou na casa da Rega, por citar algunas das moitas que había, non collía ningunha cousa cando chegaba a hora do xantar.

Despois de xentar, ou nas tabernas ou o pulpo, ibanse rematar algunas compras, mercándose o de última hora (roscas e caramelos próximos pequenos que quedaran na casa coiendo da facenda), e acudíase, coma as anduriñas ó irse o vrán, ás tabernas dos paisanos que estaban nas aforas, pra xuntarse todos e escomenzar a volta á casa, non sin antes ter que agardar á que algún marido

botara outra xarra o compadre doutra parroquia, cando xa estaba ben cheo...

O primeiro, ibase a pé. Despois, cando o Ramallal e o Canoura, volvían do último viaxe, á xente, ó ver caer a noite, filábase por subir ós coches, mentres os tendeirois de Lugo, Ferrol e Betanzos iban cargando os fardos e caixas do que non deran vendido.

Anoitecendo, os bares enchiánse de xente nova que iba a sentarse ó sitio onde os pais estiveran cun café con leite e unha copa de pais un bon cachó da tarde, no Bar do Roca, na Vizcaína, no Marina ou no Fornos.

Vianse parexes quedarse ó cine, e pouco a pouco ibase voltando á casa, deixando as calles cheas de todo hastra que ó outro dia pol mañá cedo, os barrendeiros, volvían a deixar a villa disposta prá vida do diario, que duraba quince días hastra a proxima feira na que voltaba a repetirse a historia.

A vila disponíase a dormir, a descansar da batalla que prátodos villabeses era agotadora, mais necesaria, pois e ben certo que naqueles anos as feiras eran a ceifa e a ocasión de ganar cartos pró mes.

O día seguinte, o Bixoco, volvía a recoller os paus có carro dunha vaca, no ir e vir de todas as feiras e escomenzaba unha xornada dura prós bancos, que tragaban prátodos cartos que se fixeran na xornada da feira.

E así, mes tras mes, todo o ano.

## Tradicions, feitos e costumes da Terra Chá (II)

### Os xogos dos nenos

Paulino García Seco

E obligado niste recorrido que facemos nas costumbres da nosa Terra Chá, o adicarle unhas verbas ós nenos, porque todos estivemos de calzón curto, bombacho despois, hastra chegar o primeiro traxe novo, quizabes pra ir o servizo...

¿Qué costumes tiñan os nenos chairegos? Pois pouco mais ou menos as de tódolos nenos do mundo: Xugar, facer trasnadas, ir á escola e, moitas das veces, traballar.

Párceme mais axeitado falarlle ós nenos de agora do que facíamos os que xa, queiramos ou non, a mais non vamos.

Os nenos das aldeas, non xugaban. Vivían aventuras.

Os xogos, no millor sentido da palabra, reducíanse ós recreos da escola, a esa media hora chea que os ceibaban os maestros cando o tempo deixaba. Xugaban á pelota, e pouco máis. Claro que non paraban nin un minuto. Corrian unhos tras dos outros polo campo, filábanse as más das veces, e enchíanse de lama hastra a gorra.

Eu pasei moitos ratos mirándoos, e párcime que non facían nada, mais eles pasábano ben aquela media hora. ¿Cómo? Pra min sigue sendo un misterio.

Despois, ó remate das clases, a volta á casa facíase en grupos, xuntándose os nenos dos barrios de cada lado, e iban falando, correndo, hastra chegar ás casas de cada un, desfácendose o grupo pouco a pouco.

O chegar a casa, ¿qué iban a xugar, si estaban o mais das veces solos, sin veciños cerca? ¿Qué podían xugar si ó millor a xente da casa tiña que facer e mandábannos coas vacas a chousa?

Somentes vin xugar ós nenos da aldea o día da festa.

Xa pola mañá cedo, vestíanse de domingo antes que os maiores, quizabes por botalos fora pra que non estorbaran no arreglo da casa e da mesa, e ibanindo cara o adro pra chegar o tempo de que o fogueteiro escomenzara a tirar os fuegos e poñerse a correr pola cortiña do Iglesario detrás das varillas. Seguian o traiteuto polo aire, e poñianse a correr, pisando o trigo ou as patacas das leiras no afán de poder xuntar más variñas que os mais compañoiros.

O malo non era que a varilla caera sobre dun carballo, pois a pesare do traxe novo, ousábanse algúns a agadunchar hastra baixar con ela. O malo era cando algunha caía no camposanto... ¿Quén era o que se ousaba a agadunchar pola cancela? Iso poñía medo, ainda que non tanto como baixar por un nicho abaxo... cousa que casi ningún neno se ousaba a facer. Mais o que sempre pasaba era que a varilla, tarde ou cedo, desaparecía.

O neno das aldeas pasábaoo ben cando chegaba a orquesta o adro. Subíanse o palco, mentres non chegaban os músicos, e despois estaban mosconeando ó seu arredor, mirando pros instrumentos novos, envidiables, e, de vez en cando, un mais ousado dáballe cun carabollo o bombo e botaba a correr...

Despois, pola tarde, e hastra que os pais ou os hirmaus mais

vellos falaban dirse, os nenos corrían entre a xente, mercaban rosca ou caramelos ou dises foguetes pequeninos de a real pra botalos entre a xente, aló nos cestos das mulleres aló a carón da iglesia, e hastra escomenzaban a bailar coas nenas, nun lado do adro, adonde iban todos a xuntarse e dar unhos pasos sin xeito, mais todos formábeis coma homes que creían que eran.

Pasadas as festas, xa pouco lléis quedaba que facer ós nenos respeuto a xugar. Somentes podían facelo o seu xeito os domingos cando iba a misa.

Polo diario, había nenos que sabían xugar mentres o gado non mosqueaba ou estaban con él nunha chousa ben pechada. Unhos, iban os niños polas silveiras; outros, si había un rego facían un muiño de carabullos e pasaban o tempo, primeiro facéndoo, e despois vendo como daba voltas e voltas.

Xa na casa, moitos que tiñan a sorte de ter un tío xeitoso, xugaban cos carros que o tal tío llevese a correr pola cortiña do Iglesario, baixando polos carreiros das chousas ou polo Prado de Baixo.

Otro xogo (chámemoslle así) que tiñan os nenos de aldeas por onde pasaba unha carreteira, era o ir pra cuneta a ver pasar os coches, berrándolle ós de dentro, e movendo a mau nun saludo

anónimo, quizabes cheo de envídia por non poder ire eles tamén drento.

E que eu sepa, hai que parar de contare, pois xuguetes non abundaban. As nenas, despois dos reises, tiñan a muñecas de trapo que lles trouxeran. Os nenos, as pistolas ou o camión tirado por un cacho de cordel, que logo se escacharraba e quedaba nun rincón do alboio agar dando hastra o ano que ven.

Xa na vila, a cousa cambiaba. Os nenos vivían todos, unhos cabos dos outros, e xuntábanse o volver da escola na calle, na alameda, na feira ou na carretera.

E tiñan os seus xogos pacíficos, poderíamos chamarles, ou aventureiros. Imos a considerar os dous tipos:

Os xogos pacíficos eran os que se tiñan sin salir do barrio ou da alameda. Os outros eran excursións que se facían, ou ben a detrás do Puxigo ou ó Lameirón, ou a Penas Corbeiras a buscar nidos pra xuntar os ovos, ou ó río a bañarse polo vrael, no Repórtigo, algo na Peña de Miguel e despois no Rañego e nos Novos. En canto ós que tiñan na vila, imos falar dalgunhos deles:

As bolas era un xogo que tiña duas variantes: O risco e o guá. Pra xugar o risco (despois dír mercar a cas Gaioso ou á Genoveva de Quintela as que se poi dera cos cartos que se tiñan), había que poñer drento dun espacío marcado chamado "o risco", cada un dos xugadores unha bola, e despois sortear, tirando a raia, o que xugaría primeiro. A cousa era ir sacando bolas do "risco", que pasaban a ser do que as sacaba, tirándolle con outra, e tendo coidado que

ista non quedara drento, pois entón "ingresaba" e perdía o seu dono.

A outra variante era o "guá", que era un furado que se facía xirando o tacón do zapato hastra que o furado era axeitado segúnd os usos e costumbres. Dende lexos, os que xugaban, tiñan que meter a bola sua no guá, e despois intentar darrle as dos outros que non fixaran guá, ou señá, que aínda non meteran a sua bola nil. Si lle daban a unha por primeira vez, berraban: "Primera", e despois sucesivamente "trique", "matruque", "pié" (o

## EL PROGRESO, 11-8-1983 (continuación)

darle iste golpe, tiña que coller o pé do xugador entre as duas bolas). Rematábase o xogo co quinto golpe que era o "pasabola" e despois había que meter a bola no guá, co que se lle ganaba unha bola o contrario (os nenos ricos xugabanse duas ou tres de cada vez).

As bolas eran de barro, mais habíaas de cristal que ó primeiro non se vendian, e había que ir cabo do señor Leoncio (cando estaba de bon xenio) e si non pedirlas o señor Daniel o operario (mandil de saco dobrado, o mono arremangado nas pernas, amosando unhas zocas limpísimas, e coa gorra pequena de medio lado) que sempre nos tiña algunha gardada dos boliches que estoupanban ó enchelos. ¡Bon home o Daniel! Había quen pedía hastra dez bolas de barro por unha de cristal. Tamén algunos nenos tiñan bolas de aceiro, que non se cambeaban por nada, xa que era unha mercancía escasa.

Tamén se xugaba a billarda, sobre todo nos barrios ou na feira de Riba. Iste xogo, que consistía en botar lonxe un pau afiado pequeno, dándolle con outro de unhos corenta centímetros, tiña un "argot" moi simpático. Por exemplo, cando se tiraba a billarda, o tirador tiña que pedir unha cantidad de medidas do pau grande. Si había as que pideu, sumábanse na sua conta. Si non, pasaba a ser dono do pau de lanzar o outro xugador.

Cando se pedía, decíase sempre: "pau piño de pau", co que se significaba que o medidor era o primeiro que o decía. Era intresante decilo primeiro, pois na medida iba a ganancia, e sempre había artes pra que chegara ou non chegara a haber o que tiña que haber. Si algunha vez a billarda caía trás dun muro, o que a lanzaba tiña que decir de contado, antes que o contrario: "¡A lápido, cousa movida ou por mover!". Con isto, si era dito polo tirador, dáballe oución a medir a distancia pasando por riba do muro, e si o decía o outro, entón a medida seguía dereita, e había menos largura. Ista frase, según o meu amigo Cándido Cascudo, amante coma mí de recordos doutros tempos, provén do latín "lapudus", lápida, piedra e é certo, pois cando se usaba a frase era cando a billarda caía detrás dunha pedra ou lápida, puidera ou non moverse.

Cando ó darle á billarda se rozaba o chao, había que decir "a rastras" pra non perder a tirada, o mesmo que cando iba a billarda lonxe entre silvas ou a un rego, había que decir "a trancas e barrancas" e entón como non se podía medir o número de paus que se pedían, ganaba este o xogo. O lanzar a billarda, o

lanzador pedía un certo número de paus, que tiña que haber dende onde se tiraba. Si o pedir, o contrario creía que non había tanto, decíalle o outro: "Mídase", co que había que facelo pra comprobar.

Xugábase tamén a "saltar a beba", que consistía en poñerse un xugador anasado, apoiando os codos nas rodillas pra que os outros foran saltando porriba díl, con unha chea de variantes. Ganaba sempre aquél que "a bebia" dende mais lonxe, ou seña, o que daba o salto mais longo dende a raia.

Otro xogo eran os "riscos", como coas bolas, usando un cacho de goma casi sempre dun tacón dos zapatos.

Tamén se xugaba ós policías e ladróns, o escondeite "labitón, cen galinhas e un capón", as esquinás, as alturas, así coma os chés cun unhas agullas de ferro que se chantaban no chao. Cando un ché non chantaba, ou se lle descubría a punta, mandábase "a Roma", que era ceibalo o mais lonxe posible pra que o dono tivera que andar moito.

¿E o xogo do peón? Eiquí facía falla ser un bon xogador, pois o peón precisa de técnica pra facer que baile moito e ben, e mais ter boa puntería pra darlle o que "pandaba". Cando iste quedaba coa punta de ferro pra enriba, entón decíase que "desafiaba", e era fácil partilo o medio, fazaña que cando algún neno a facía, era comentada moito tempo polos mais.

O remate da guerra civil, xugouse moito as guerras, por mor da que habíamos pasado. Eran famosos os exércitos de Alvarito Cacharrón e de Quique Goás, o primeiro con cuartel e todo, na casa queimada de Toxeiro na Carretera, onde Ramón Quintela ferregachaba o ben que él sabía facélo, pois era o que hoxe se chama "un matitas".

Istes exércitos tiñan as suas guerras, ben na feira Nova, ou detrás do Puxigo cara o Hospital polas hortas adiante, que eran a pedrada limpa. De vez en cando, íbase as Funtiñas a facer a guerra co Pepe do Caleador e a sua xente, por mor de conquistar un montón de terra que lle chamábamos o monte Gurugú, hoxe feito solar.

E claro, o xugar a pelota era cousa de tódolos días, o contrario que as bolas, os chés, a billarda ou os cartós, pois istes xogos tiñan, curiosamente a sua temporada que nunca se soupo quén señalaba. Supoño que sería o tempo que facía, pois os cartos nin as bolas se podía xugar cando o chao estaba mollado, e, en cambio os chés chantaban millor na terra mollada.

Xugábase a pelota na alameda cando estaba sin arreglar, co

palco no medio e un paredón contra a carretera, si os municipais deixaban. O Rei, o Ramonciño, o cabó e o Gumersindo, xunto con Pepe Cendán, eran o terror dos xugadores, que tiñan que botar a correr no medio dun intresante partido entre os partidarios do Celta e do Deportivo, cando o vixilante de turno os vía aparcer e berraba: "¡Muni, Muni!". Hai que decir que si ben todos eles cumplían co seu deber, o mais bon era o Gumersindo, que facía a vista gorda, decindo: "Os pequenos son o demo. Hai que deixalos". Tamén se xugaba por suposto, na plaza, cando o Joseito no se oponía, ou a señora Maruxa de Goldeiros non salía coa escoba, pois peligrabanlle os cristales dos escaparates; na carreteira de Lugo, no empalme da carreteira Nova, cos de Criado, os Ventanas e os de Marcelino; no Campo de Puente, cos de Hermida e demais cativos do barrio. E tamén se facía na feira Nova, mais iso era cando había balón pois o sitio (onde entrenaban os do Racing moitas veces con Toneco, Cubano, Otero, Roca, etc., ó frente) pedia que fora un balón e non isas pelotinhas que usábamos na alameda.

Unha costumbre dos nenos da vila era tamén o ir a bañarse ó Repórtigo polo vrou, ou ó Novos e o Rañega antes de facerse a Lechería, por suposto. A Pena de Miguel (hoxe praia municipal) era temida, pois falábbase de que había un pozo que tragaba a xente, dende que se afogara un fillo do Taboada, aquel señor que sempre levaba un cochiño tras díl polas calles, si mal non recordo. A Pena de Miguel, misterioso sitio, onde os ousados intentaban atopar debaixo da auga a boca do túnel que se decía chegaba hastra o pozo do Castelo de Valeriano...

Tamén tiñan os nenos algo maiores o costume dír ós niños (si podía ser có Andrés do Taraxal, técnico nisto, moito millor) polo Rego dos Cochos (dispensando), Lameirón, Campo Redondo ou Penas Corbeiras.

E vai haber que ir parando de contar, pois as costumes dos nenos de xugar, ten moitos mais aspeutos, que faría disto o conto de nunca acabar. Somentes queda por señalar as diferencias de xogos e costumes que houbo entre os nenos da aldea e os da vila, que, hoxe por hoxe, van a menos por sorte, xa que casíamente tódolos nenos da aldea veñen á vila ós colexios, e os seus xeitos son os dos compañeiros da vila. Ademais, as costumes dos xogos de antes vanse perdendo e os de hoxendía non precisan calles nin alamedá. Os tempos son outros e os nenos van cambeando con eles.

Tradicions, feitos e costumes da Terra Chá (III)

## A festa do patrón

Costume de sempre, o día da festa do patrón non pode faltar en ningures. Non importa que señan poucos veciños os que viven arredor dunha ermita. Non se mira a cartos cando hai que gastalos. Non faltan mozos que traballen nas vísperas xuntando cartos, buscando orquestas e facendo o palco no ladro cando iste nono tén de seu.

As festas na aldea son un feito que mérerce ser tratado, pois as da vila, pola importancia que teñen, xa falan por si.

Tódalas parroquias da Terra Chá, como en tódolos sitios, teñen un patrón, que é o que lle dá o nome, aínda que en moitas, tal nome seña axuntanza de dous, como, por exemplo, San Pedro de Santaballa, que quer decir San Pedro de Santa Eulalia, que era a anterga patroa da parroquia, que se chamaba Santa Eulalia de Trastemil. O San Pedro chegou de Lanzós por mor dun entredicho pola profanación da eirexa, e quedou de patrón, pasando, supón que o segundo, que sería San Martiño, a sere o de Lanzós. Mais falemos das festas.

Hai duas cuestiós nas festas. A que se fai no adro, e a que os paisanos fan nas casas.

A primeira consiste en ir tódolos parrquianos a carón da unha do mediodía, a Misa Solemne, celebrada por tres cregos, mentres as mulleres quedan na casa preparando o xantar. Por iso, somentes se vé maoría de homes a tal hora, e mais rapaces.

Escomenza a Misa, que amenza a orquesta de turno, botando o Himno Nacional no medio. Neste momento, o foguetiño tira media ducia de foguetes dos bós, pra que os veciños das outras parroquias poidan enterarse do auto.

O remate da Misa, sal a Procesión polo adro, tamén con orquesta atrás, botando pezas de paso lento, mentres estoupan

mais foguetes hasta que volve a entrar o Santo na eirexa, e algunha ofrecida que foi todo o tempo descalza tras da imáxen, pon os zapatos de novo.

Neste momento, a orquesta escomenza a prepararse, pois ten que tocar as pezas da salida da Misa, como unha media hora, antes de que a xente vaia a xantar.

Os homes van prás cantinas cubertas de lonas que arrodean o adro, a tomar algo, e os mozos e mozas aplicanse no bailoteo mentres van chegando os nenos coas varillas dos foguetes nas maus.

Cando os vellos falan dirse, a orquesta perde a parroquia e bota al último despedíndose hasta a noite. Despois, cada músico vai comer a unha casa e o director, por suposto, á do Pedáneo ou á do presidente da Comisión.

Aló pola tardíña, volve a escomenzar a festa do adro, xa con toda a xente, pois as mulleres incorpóranse hasta ben pecha a noite, que volven a quentar a comida prós vellos, xa que a mocidade nunca vai cenar.

E póñense todos a bailar e dar voltas á eirexa nos descansos, alternando coas visitas que de cada pouco se fan ás cantinas, onde teñen café de pucheiro e de tódalas bebidas e refrescos.

Cando hai cartos dabondo, aló pola medianoite bótanse unhas luminarias, que asoran ás vellas e asustan ós nenños con moita luz e os estoupidos que botan.

Descansa a orquesta un pouco, aproveitando o espectáculo, e cando remata, volven a berrar polos altavoces postos nas ramallas baixas dos castiñeiros do adro.

Despois de moitas horas de festa, a xente amior vaise indo, pra quedarse a mocidade que é a encargada de cansar ós músicos hasta que non poiden mais e escomenzan a botar pezas apu-

radas pra cansar mais axiña ós que bailan.

Pouco a pouco, cálmanse os ánimos e, por fin, a orquesta fai un descanso que sirve pra que a xente decida irse cara á casa.

Tiranse os foguetes do remate. Os das cantinas agardan un pouco a ver si os clienters piden algo mais, filándose todos eles por ser quén pague. Os lancheros amarran as lanchas e, por fin, remata a festa.

A outra cuestión é a festa que se fai na casa. Ista escomenza xa dous días antes, cando os homes matan o carneiro na aira pra que, ó sereno dous días, perda o bravio, e fan a fornada de pan de pantrigo.

A víspera, vaise á vila a catar os manguitos e as tartas, traendo de paso os garrafós do viño e as botellas de coñac prós homes e de anís, prás mulleres. Mentres, as rapazas moven o corpo fregando os escanos, barrendo o patio e limpando ben a mesa do cuarto pra poñer os manteles de liño.

Cando amence o dia grande, xa se erguen moi cedo todos, porque hase preparar todo prá hora do xantar.

Encéndese a lareira (falo de hai anos abondo, cando as cocinas de hoxendía aínda estaban na cas do oseira ou de Ramudo ou do Xamebou) e escoméñzase a poñer potas e potas enriba das trepiñas, nas que se quenta auga con galiña prá sopa; a verdura; os chourizos e garabanzos prós cocido, e vanse pelando mentres tanto as patacas pra cachelos da carne ou más partidas prós asados. Pouco a pouco xa ferre todo, e escoméñzase a repartir millor o lume pra que isto coza a modo, mentres isto outo vaia apresa, pois o carneiro era algo vello.

Por fin, chega o momento de sentarse. As mulleres berran decindo que suban todos, que xa está a sopa na mesa, e pouco a pouco vaise sentando a xente.

## EL PROGRESO, 14-8-1983 (continuación)



Póñense a comer a sopa de galiña, que sempre hai quien diga que levanta ós mortos, pra pasar as mulleres á estralar pola mesa as fuentes do cocido coa galiña, as patacas cocidas enteiras, os garabanzos, os chourizos, o repolo e a faldá do carneiro acompañada algunas veces de osos de soá salados, ou de carne fresca da obliga (xarrete casi sempre).

Póñense todos a encher os platos de tal xeito, que hastra habría que estear algúun. Remátase o cocido, vólvense a encher os vasos de viño da botella disas de bola, grandes, botándoselle ós nenos gasiosa algo mesturada, e faise un pequeno alto pra que os convidados, en mangas de camisa, por suposto, saian ó corredor a tomarr un pouco o aire e mais pra que os vexan, mentras o da casa baixa á alra pra tirar o foguete da media mesa según é costumbre.

Volven a sentarse cando xa están as fuentes do asado na mesa, e volven outra vez a encherse os platos con cachos de perna de cordeiro, patacas pequenñas, algo de polo, pimentos de bote e mais ensalada de lechuga, cebola e tomate. A xente vai rebulindo pouco a pouco por mor do viño que meteron no corpo e mais pola enchente que levan drento, e acórdanse pasar ós postres.

Istes consisten en queixo da

casa e mais de Castilla, presentados coma sempre encetados, en algunas casas requesón, e os dulces que son manguitos redondos, altos, cheos de anises de colores e froles de cera, ou unha tarta de cabelo e as roscas que trouxo algún convidado por quedar ben.

A non ser os nenos, os mais xa comen pouco, pois non poiden mais, e escomenzan a pedire o café, que xa está feito no pucheiro con tizón de carballó e todo como é debido.

Póñense os pocillos, o azucré, e tódalas bebidas que haxa, emprincipando pola botella de pais por iso das gotas, e sirven os cafés, un tras de outro alternando no pocillo coas coñás.

A tardíña, xa as rapazas están dispostas, e vanse prá festa, mentras os vellos vanse mais amodiño preparando, porque non e poide deixar dir ó adro, ainda que na casa, e despois de tanto encherse, se estivera millor. Ademais, os convidados han dír a que se vexan, arrodeando ó da casa.

Remata a festa da casa, aló moi pecha a noite, cando vai volvendo a xente e aínda pica algo das fuentes que están no baño de salar, e toma outro yaso pra irse deitar, pois de seguro que ó outro día hai que facer o segundo ataque ás comidas que foron quedando...

Paulino García Saco

A morte é un feito de tódolos días, que na nosa comarca chairega orixina un fato de ritos e ceremonias que voul intentar contarelles.

Tanto se morre na aldea como na vila. E unha cousa xeneral, mais en entradas e duas situacions, ten unhas dife-rencias notables que as fan distintas. Imos ver qué pasaba na aldea cando eu era mozo e na aldea cando a casa. Oitenta e moi-los anos acabáronse, despois de pasar catro na alcoba alí, ó pé da cociña, sin poder erguerse. Un pouco antes, o médico recomendou que foran polo notario e o crego, pois ó probe quedáballe pouco xa. Aló se botaba o rapaz na bicicleta, que logo vinha atada na baca do coche do notario, mentres un netiño corría cabo do crego.

Chegaban os homes chama-dos e facían os labores, cada ún o seu. Chamábanse dous testi-gos, veciños da porta, ou millor o chofer, por mor de que naide na aldea soupera cómo o probe home dispuxera a sua vida. Encendiase a vela bendita e preparábase o hisopo co lou-reiro do domingo de Ramos, mentres intentaban prender o candil de carburo pró señor notario.

Por fin, ó probe chegáballe a hora e finaba arrodeado dos seus.

Despois de chorar todos como era lóxico, escomenzaban a axeitarse os labores que había que facer. A hora iría á vila a mercar os loitos á casas

## Tradicions, feitos e costumes da Terra Chá y (IV)

### A morte

Loliña de Martín, ou de Casaviedra ou do Julio, acompañada do home, que traguía o encargo de escoller caixa no Andurriña.

Cada un íbase polo seu lado, quedando de xuntarse na tienda. O home iba ó xuzgado e mais á funeralaria, e a muler escollia as batistas negras, a pana negra, a estameña negra, e mais levaba moitos tubos de Tintes Iberia, negros, por suposto, porque había que enlouitar a tódolos da casa, incluidos os nenos por pequenos que foran. Algunhas veces acompañábaa a costureira da casa pra atarear millor. De contado, chegaría o home despois de mercar unha caixa que fora boa, que pra eso deixara o difunto cartos dabondo, coas coroas de froles moradas de metal, moi bonitas, e volvian de contado á casa.

Xa pola mañá, escomenza-ban a rebulir todos. Unhos pra

levar o pan fresco que acababa de chegar de Villalba e maillo queixizo de Castilla de Cas Martín, xunto ó viño, hasta ó adro, pra que tomaran un pique despoxio do entierro os que viñeran de lonxe. Outros, pra avisar algúns crego que faltara da víspera, e outros para avi-

ar a casa da eirexa. Chegado o momento da saca da casa, xuntábanse os veciños

crego, coma en ídolos sítios, o primeiro que facían moitas familias era avisar de contado á Concha da Visita pra que preparara e visitara ó difunto.

Os velorios facianse tamén, con moita asistencia de xente, que tamén tomaba os cafés toda a noite mentres falaban e falaban de todo.

Os enterros eran mais ceremoniosos, pois a xente iba toda xunida, mais somentes hastre chegar ó cruceiro do Calvario, de donde se voltaba a maior parte déla.

Os difuntos non iban á eirexa. Primeiro faciase o funeral, e logo íbase á saca da casa para seguir de contado ó camposanto dos Castros, onde tamén había responsos, ainda que menos que na aldea.

Cando se tratava dun neno, dun anxelito, o entierro era moi distinto. Os levadores eran nenos, e nenos eran tamén os que collian as cintas que salían da caixa, e mais os que levaban os estandartes das cofradías. En total, xuntábanse unhas quince ou dazaseis cativos, todos vestidos de domingo, os que no cementerio se illas daba, ó remate de todo, unha caixa de dulces de Doña María da Confitería.

Antes da guerra, istes entei-ros levaban casi todos a banda de música (Longos ou Matos), segun se fora amigo ou parente de Currares ou Matos, que algunha vez tocaban aquello de "Mi caballo murió, mi alegría se fue" ...

Paulino García Seco

e parents no corral, mentres o crego botaba os responsos, e escomenzaba o entierro ó longo das corredoiras, moitas veces cheas de lama, que os levadores non podían evitar, mentres que a xente pasaba polo carreiro de drento, saltando pasadeiros e escairios.

Xa no adro, deixábase a caixa no cuberto, abrindolle a tapa de riba do cristal pra que a xente fora decindo que iba coma en vida, ou moi conocido. Entraban as mulleres na eirexa, mentres os homes falaban no adro botando un pitillo hastre que salían os cregos e pasaban todos ó camposanto onde, antes do entierro, escomenzaban os responsos que ás veces duraban hastre unha hora. Mettan a caixa no nicho ou na terra, e mentres os parents voltaban á casa a consolar ás mulleres que quedaran botando berros polas ventanas, os acompañantes de lonxe (ie mais os de cerca) chegábanse ás cestas pra tomar un pique antes do regreso ás suas aldeas, comen-tando a xente que había, os cregos que foran, e a bondade da caixa.

Xa vila, as cousas eran casamente igual, mais había certas diferencias. Cando morria alguén, despois da visita do notario e do

e parents no corral, mentres o crego botaba os responsos, e escomenzaba o entierro ó longo das corredoiras, moitas veces cheas de lama, que os levadores non podían evitar, mentres que a xente pasaba polo carreiro de drento, saltando pasadeiros e escairios.

Xa no adro, deixábase a caixa no cuberto, abrindolle a tapa de riba do cristal pra que a xente fora decindo que iba coma en vida, ou moi conocido. Entraban as mulleres na eirexa, mentres os homes falaban no adro botando un pitillo hastre que salían os cregos e pasaban todos ó camposanto onde, antes do entierro, escomenzaban os responsos que ás veces duraban hastre unha hora. Mettan a caixa no nicho ou na terra, e mentres os parents voltaban á casa a consolar ás mulleres que quedaran botando berros polas ventanas, os acompañantes de lonxe (ie mais os de cerca) chegábanse ás cestas pra tomar un pique antes do regreso ás suas aldeas, comen-tando a xente que había, os cregos que foran, e a bondade da caixa.

Xa vila, as cousas eran casamente igual, mais había certas diferencias. Cando morria alguén, despois da visita do notario e do